

1948

Querido Luis:

Tardei en contestar a tua carta porque este tempada tivemos que facer varios viaxes e a correspondencia foi quedando sin resposta inmediata.

Cando recibín a carta púxenme á fala co profesor Diaz e díxome que el mesmo correxiría personalmente as probas da tua colaboración. Faleille dos fallos de transcripción a que facías referencia na tua carta e mostrou a mellor disposición para complacer os teus desexos. Desde logo, mostrou unha actitude máximamente amistosa en todo o referente a ti. Incluso me dixó que, en principio, tivera a ilusión de que a portada do libro a fixeres ti, pero que ao cabo non puidera ser porque estabas cauro.

Houbo un compás de espera no proceso preautonómico. Coido que non tardarán en pórsele de novo en marcha. Nestas últimas semanas houbo moito rebumbio coa candidatura de Pío Cabanillas á Presidencia de Xunta de Galicia. Eu coido que o bon do Pío non ten

interés ningun en vir para Galicia porque os seus intereses e cobizas políticas están en Madrid. Sería ben raro que deixara de ser ministro alí para vir presidir a Xunta. Mais ben penso que a súa candidatura foi unha andrómena para ganar tempo, mellor dito, para retrasar o momento de aprobación do decreto.

Por aquí temos unha tremenda invernia.

Onte ingresou Marimón del Valle na Academia Galega e contestoulle o Marimón. Os dous estiveron moi ben.

Apertas nosas para os dous

Ramón